

DIVERTEO VERÁN 2025

FICHA DE INSCRICIÓN

D./D^a. _____

co DNI _____, como ☐ PAI ☐ NAI ☐ TITOR/A (marcar cun X o que proceda)

Enderezo _____

Teléfonos _____ E-mail _____

SOLICITO A INSCRICIÓN DA/S CRIANZA/S ABAIXO INDICADA/S NO

DIVERTEO ☐ **XUÑO** ☐ **1^a XULLO** ☐ **2^a XULLO** ☐ **1^a AGOSTO** ☐ **2^a AGOSTO**

1. Nome e apelidos da crianza _____

Data de nacemento _____ Observacións (enfermidades, alerxias, medicacións...) _____

2. Nome e apelidos da crianza _____

Data de nacemento _____ Observacións (enfermidades, alerxias, medicacións...) _____

3. Nome e apelidos da crianza _____

Data de nacemento _____ Observacións (enfermidades, alerxias, medicacións...) _____

4. Nome e apelidos da crianza _____

Data de nacemento _____ Observacións (alerxias, medicacións...) _____

COLEXIO NO QUE SE INSCRIBE: ☐ **RAMALLOSA** ☐ **TILOS** ☐ **CALO**

HORARIO DE ENTRADA: _____ **HORARIO SAÍDA:** _____

ESTÁ INTERESADO/A NO SERVIZO DE COMEDOR:

- Con comedor (de 7:30 a 15:30 horas) ☐
- Sen comedor (de 7:30 a 14:00 horas) ☐
- Con almorzo ☐

DATOS DO OUTRO PROXENITOR AUTORIZADO: D./D^a _____

co DNI _____, e teléfonos _____, E-mail _____

Indique a garda e custodia en caso de separación, divorcio, etc. (De ser o caso, entregárase a documentación acreditativa da situación) _____

DOCUMENTACIÓN QUE SE ACHEGA:

- ☐ Fotografía tamaño carné (obrigatoria).
- ☐ Fotocopia da tarxeta sanitaria (obrigatoria).
- ☐ Informe especialista que corresponda en relación a enfermidades específicas ou discapacidades que precisen dunha atención específica, en especial os xustificativos de alerxias e/ou intolerancias (obrigatoria de ser o caso).
- ☐ Documentación xurídica acreditativa en caso de separación, divorcio, violencia de xénero ou situacións análogas que indiquen a garda e custodia e o réxime de visitas (obrigatoria de ser o caso).
- ☐ Fotocopia do título de familia numerosa (de ser o caso para acceder ás bonificacións).
- ☐ Xustificación de familia monoparental (de ser o caso para acceder ás bonificacións).
- ☐ Xustificación do acollemento (de ser o caso para acceder ás bonificacións).
- ☐ Declaracións da renda do 2023 ou certificado negativo relativo á obriga de efectuar declaración do IRPF no que se faga constar os ingresos da persoas responsables legais (para acceder ás bonificacións).

Teo, de de 20.....

Asdo.: _____

AUTORIZACIÓNS

D./D^a _____

con DNI _____, como PAI ☐ NAI ☐ TITOR/A ☐

☐ **AUTORIZO** ☐ **NON AUTORIZO** (*marcar cunha X o opción elixida*) a que o meu fillo/s ou filla/s faga os desprazamentos necesarios para a realización das actividades que compoñen o programa. No caso de non autorizar algunha delas comunicareino por escrito.

☐ **AUTORIZO** ☐ **NON AUTORIZO** (*marcar cunha X o opción elixida*) ao monitorado das actividades de conciliación a que, en caso dunha emerxencia médica, poidan trasladar á/s crianza/s arriba citadas ao centro de saúde, hospital ou ata o seu domicilio.

☐ **AUTORIZO** ☐ **NON AUTORIZO** (*marcar cunha X o opción elixida*) ao monitorado das actividades de conciliación a que administren un medicamento á/s crianza/s en caso de necesidade.

☐ **AUTORIZO** ☐ **NON AUTORIZO** (*marcar cunha X o opción elixida*) para que outras persoas distintas da nai/pai/titor/a recollan á/s crianza/s.

Nome das persoas autorizadas:

D./D^a: _____ con DNI _____, en calidade de _____

D./D^a: _____ con DNI _____, en calidade de _____

D./D^a: _____ con DNI _____, en calidade de _____

D./D^a: _____ con DNI _____, en calidade de _____

Esta/s persoa/s designada deberá presentar o seu DNI cando vaia recoller á crianza.

☐ **AUTORIZO** ☐ **NON AUTORIZO** (*marcar cunha X o opción elixida*) para que familiares de 16 a 18 anos recollan á/s crianza/s, eximindo de toda responsabilidade ao Concello de Teo, ao monitorado e á empresa que desenvolve a actividade, no caso de accidente ou calquera outro problema que xurda no desprazamento ao domicilio.

Nome das persoas autorizadas:

D./D^a: _____ con DNI _____, en calidade de _____

D./D^a: _____ con DNI _____, en calidade de _____

Esta/s persoa/s designadas deberán presentar o seu DNI cando vaian recoller á crianza.

☐ **AUTORIZO** ☐ **NON AUTORIZO** (*marcar cunha X o opción elixida*) para que a/s crianza/s de primaria vaian sós/soas para a casa, eximindo de toda responsabilidade ao Concello de Teo, ao monitorado e á empresa que desenvolve a actividade, no caso de accidente ou calquera outro problema que xurda no desprazamento ao domicilio.

Día/s que autorizo: _____

Hora que autorizo: _____

Descrición da circunstancia: _____

Teo, de de 20.....

Asdo.: _____

AUTORIZACIÓN PARA A REALIZACIÓN E PUBLICACIÓN DE IMAXES DE MENORES

En _____, a _____ de _____ de 20__

Coa inclusión das novas tecnoloxías dentro das comunicacións, publicacións e accións pedagóxicas que pode realizar o **CONCELLO DE TEO** titular do CIF **P1508300I** domiciliado en **TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA** con teléfono: **981815700** e correo electrónico: **protecciondedatos@teo.gal**. Contacto DPO: **dpd@teo.gal**, e tendo en conta a posibilidade de que nas actividades de conciliación desenvolvidas poidan facerse vídeos ou fotografías dos/as menores durante a realización das mesmas, e dado que o dereito á propia imaxe está recoñecido no artigo 18 da Constitución e regulado pola Lei 1/1982, do 5 de maio, sobre o dereito á honra, á intimidade persoal e familiar e á propia imaxe, o Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos, e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de Decembro, o **CONCELLO DE TEO** pide o consentimento aos pais, nais ou titores legais para poder archivar ou publicar as imaxes que coa finalidade de promoción en campañas se poidan realizar a os/as menores, nas cales aparezan individualmente ou en grupo nas diferentes actividades realizadas dentro e fora dos centros onde se desenvolven as mesmas.

Don/Dona _____ con DNI _____

como pai/nai ou titor do/a menor _____

Autorizo o **CONCELLO DE TEO** o tratamento do material audiovisual e gráfico realizado en relación coas actividades de conciliación promovidas polo Concello para poder ser arquivadas e publicadas:

- Páxina web e blogue do Concello.

SI ☐

NON ☐

- Perfís en redes sociais do Concello.

SI ☐

NON ☐

- Filmacións destinadas a difusión comercial.

SI ☐

NON ☐

- Fotografías para revistas ou publicacións (carteis, trípticos, etc) de ámbito relacionado co noso sector.

SI ☐

NON ☐

Os datos proporcionados conservaranse mentres se manteña a relación ou durante os anos necesarios para cumprir coas obrigacións legais. Os datos non se cederán a terceiros sen o previo consentimento do usuario, salvo naqueles casos nos que for imprescindible para a correcta prestación do servizo ou exista unha obrigaón legal. Vostede ten dereito a obter información sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, polo que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión e portabilidade de datos e oposición e limitación ao seu tratamento na dirección postal **TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA** ou na dirección de correo electrónico **protecciondedatos@teo.gal**, achegando copia do seu DNI ou documento equivalente. Con todo, terá dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control, se considera que o tratamento de datos persoais que lle concirne infrinxe a normativa de aplicación.

Asdo.: _____

CLÁUSULA INFORMATIVA PROTECCIÓN DE DATOS SOLICITUDE INSCRIPCIÓN PARA ACTIVIDADES DE CONCILIACIÓN

En _____ a _____ de _____

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes e a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais, o **CONCELLO DE TEO** titular do CIF **P1508300I** domiciliado en **TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA** con teléfono: **981815700** e correo electrónico: **protecciondedatos@teo.gal**. Contacto DPO: **dpd@teo.gal** garántenlle a protección de todos os datos de carácter persoal facilitados e infórmanlle que:

- Tratamos a información que nos facilita coa finalidade de xestionar as solicitudes de inscrición nas actividades de conciliación promovidas polo Concello de Teo, así como, a realización dos trámites administrativos que leva consigo, incluíndo o envío de comunicacións informativas do seu interese no marco da citada relación.
- A base legal para o tratamento dos seus datos é o seu consentimento, así como, o cumprimento dunha obriga legal aplicable ao responsable de tratamento.
- Todos os datos recolleitos contan co compromiso de confidencialidade e coas medidas de seguridade establecidas legalmente, e baixo ningún concepto son cedidos ou tratados por terceiras persoas, físicas ou xurídicas, sen o previo consentimento do usuario, titor ou representante legal, salvo naqueles casos nos que fora imprescindible para a correcta prestación do servizo ou exista unha obriga legal.
 - Así mesmo, solicitamos a súa autorización para o envío de notificacións e comunicacións tanto por vía electrónica como por calquera outro medio ordinario, precisas para a correcta prestación do servizo e que poidan ser do seu interese.
SI ☐ NON ☐
 - Así mesmo solicito a súa autorización para consultar a información que estando en poder doutras administracións públicas, sexa necesaria para a tramitación do procedemento administrativo que se orixine por mor da presente solicitude.
SI ☐ NON ☐
- Só se recollerán aqueles datos estritamente necesarios para prestar adecuadamente os servizos, podendo ser necesario recoller datos de contacto de terceiros, tales como representantes legais, titores, ou persoas a cargo designadas polos mesmos. Na recollida e o tratamento dos datos adoptáronse as medidas de seguridade adecuadas para evitar a perda, o acceso non autorizado ou a manipulación dos mesmos, de acordo co establecido na normativa de aplicación.
- Os datos proporcionados conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade para a que se solicitaron e para determinar as posibles responsabilidades que se puidesen derivar da devandita finalidade e do tratamento dos datos. En calquera caso, os datos poderán ser conservados, no seu caso, con fins de arquivo de interese público, fins de investigación científica e histórica ou fins estatísticos.
- Vostede ten dereito a obter información sobre se estamos a tratar os seus datos persoais, polo que pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, portabilidade de datos e oposición e limitación ao seu tratamento na dirección postal: **TRAVESÍA DA RAMALLOSA, 38, 15883, TEO, A CORUÑA** ou na dirección de correo electrónico: **protecciondedatos@teo.gal** achegando copia do seu DNI ou documento equivalente. Con todo, terá dereito a presentar unha reclamación ante a autoridade de control, se considera que o tratamento de datos persoais que lle concirne infrinxe a normativa de aplicación.
- A través da sinatura do presente documento vostede autoriza o **CONCELLO DE TEO** ao tratamento dos seus datos de carácter persoal e todo iso de conformidade co establecido nos parágrafos anteriores.

Nome e Apelidos do Usuario/a: _____ DNI: _____

Representante legal (menores de idade): _____ DNI: _____

Asdo.: _____